



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Facultade de Ciencias da Saúde**

**Grao en Terapia Ocupacional**

Curso académico 2022/23

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Perspectiva ocupacional da inclusión  
laboral de persoas con discapacidade  
intelectual na Universidade da Coruña**

**Javiera Duarte Araya**

**Febreiro 2023**

**Directoras**

**Dr.ª Alba Vila Paz**

*Terapeuta Ocupacional, profesora do título propio Espazo Compartido.*

*Universidade da Coruña.*

**Dr.ª Thais Pousada García**

*Terapeuta Ocupacional, profesora titular.*

*Departamento de Ciencias da Saúde, Universidade da Coruña.*

## Contido

1. Introducción.....	6
1.1    Estado da arte	9
1.1.1  Programas de formación universitaria para persoas con discapacidade intelectual	9
1.1.2  A inclusión no ámbito universitario	9
1.1.3  Empregabilidade e discapacidade intelectual	10
1.1.4  Unha ollada ocupacional	11
2. Obxectivos.....	14
2.1    Obxectivo xeral	14
2.2    Obxectivos específicos	14
3. Metodoloxía.....	15
3.1    Tipo de estudo	15
3.2    Posición da investigadora	15
3.3    Ámbito do estudo	16
3.4    Período do estudo	17
3.5    Perfil de participantes	17
3.6    Acceso ao campo	18
3.7    Aspectos éticos	19
3.8    Criterios de busca bibliográfica	19
3.9    Método de recollida de datos	20
3.10   Método de xestión e análise de datos	21
4. Resultados.....	25
5. Discusión.....	36
6. Conclusións.....	43
Bibliografía.....	45
Apéndices.....	52
Lista de táboas.....	56
Agradecementos.....	59

## Resumo

**Introdución:** A través do presente traballo estúdanse as experiencias dun grupo de persoas con discapacidade intelectual que cursou os seus estudos no título propio Espazo Compartido (EC) da Universidade da Coruña, abordando unha análise ocupacional sobre a inclusión, a formación no ensino superior e a empregabilidade.

**Obxectivos:** O principal obxectivo deste estudo é coñecer a situación ocupacional actual das persoas egresadas de EC.

**Metodoloxía:** É unha investigación de deseño cualitativo, dende un enfoque da Teoría Fundamentada. A técnica de recollida de datos é a entrevista semiestruturada, e a exploración dos mesmos realizouse co Software Atlas.ti v22.

**Resultados:** Identificáronse 9 temáticas relevantes para o grupo participante, agrupadas en 3 áreas: a persoa, o medio social e a produtividade. As temáticas emerxentes foron: Importancia da autonomía, exploración das oportunidades de ocio e apoio familiar; universo virtual, participación social institucional e inclusión na comunidade máis alá da discapacidade; promoción laboral, diversidade de competencias e prácticas curriculares como método de inserción laboral.

**Conclusións:** Estudiar en EC favoreceu a contorna social e familiar, as ocupacións significativas, as competencias para aumentar a propia empregabilidade e a motivación por continuar formándose. Coñeceuse a realidade da inserción laboral das persoas con discapacidade intelectual, a cal mellorou nos últimos anos, mais aínda debe aumentar a súa taxa de emprego.

**Palabras clave:** inclusión, Universidade, discapacidade intelectual, atención á diversidade, empregabilidade, Terapia Ocupacional, inserción laboral.

## Resumen

**Introducción:** A través de este trabajo se estudian las experiencias de un grupo de personas con discapacidad intelectual que realizó sus estudios en Espacio Compartido (EC) de la Universidad de A Coruña, abordando un análisis ocupacional sobre la inclusión, los estudios superiores y la empleabilidad.

**Objetivos:** El objetivo principal de este estudio es conocer la situación laboral actual de las personas egresadas en EC.

**Metodología:** Es una investigación de diseño cualitativo, desde un enfoque de la Teoría Fundamentada. La técnica de recolección de datos es la entrevista semiestructurada, y la exploración de los mismos se realizó con el Software Atlas.ti v22.

**Resultados:** Se identificaron 9 temas relevantes para el grupo participante, agrupados en 3 áreas: la persona, el entorno social y la productividad. Las temáticas emergentes fueron: Importancia de la autonomía, exploración de las oportunidades de ocio y apoyo familiar; universo virtual, participación social institucional e inclusión en la comunidad más allá de la discapacidad; promoción laboral, diversidad de competencias y prácticas curriculares como método de inserción laboral.

**Conclusiones:** Estudiar en EC favoreció el entorno social y familiar, las ocupaciones significativas, las competencias para aumentar la propia empleabilidad y la motivación por continuar formándose. Se conoció la realidad de la inserción laboral de las personas con discapacidad intelectual, la cual ha mejorado en los últimos años pero aún debe aumentar su tasa de empleabilidad.

**Palabras clave:** inclusión, Universidad, discapacidad intelectual, atención a la diversidad, empleabilidad, Terapia Ocupacional, inserción laboral.

## **Abstract**

**Introduction:** Through this survey, the experiences of a group of people with intellectual disabilities who studied at the University of A Coruña's Espazo Compartido (EC) are studied, addressing an occupational analysis about inclusion, higher education and employability.

**Objectives:** The main objective of this study is to find out the current occupational situation of EC graduates.

**Methodology:** It is an investigation based on qualitative methodology, from a Grounded Theory approach. The data collection technique is the semi-structured interview, and the exploration of it was done with the Atlas.ti v22 Software.

**Outcomes:** 9 themes relevant to the participating group were identified, grouped into 3 areas: the person, the social environment and productivity. The emerging themes were: Importance of autonomy, exploration of leisure opportunities and family support; virtual universe, institutional social participation and inclusion in the community beyond disability; work promotion, diversity of competences and curricular practices as a method of employability.

**Conclusions:** Studying in EC favored the social and family environment, significant occupations, the skills to increase one's own employability and the motivation to continue their academic training. The reality of the work insertion of people with intellectual disabilities was known, which has improved in recent years but its employability rate must still increase.

**Key words:** inclusion, University, intellectual disability, attention to diversity, employability, Occupational Therapy, labor insertion.

## **1. Introducción**

Segundo a Asociación Americana de Terapia Ocupacional, a intervención da Terapia Ocupacional busca alcanzar a saúde, o benestar e a participación na vida mediante o compromiso na ocupación (AOTA, 2020).

As ocupacións son as actividades cotiás que as persoas realizan individualmente, en familia ou en comunidade, para ocupar o tempo e dar sentido e propósito á vida (WFOT, 2012). Dan sentido á existencia humana e, polo tanto, teñen o potencial de exercer un poder terapéutico para a recuperación das persoas que viven unha interrupción ocupacional. É dicir, para recuperar o control da propia vida, mellorar o funcionamento e o benestar, aliviar os síntomas ou xestionar adecuadamente a súa vida (Larivière e Quintin, 2021).

A Terapia Ocupacional recoñece tres áreas ocupacionais principais: o autocoidado, a produtividade e o ocio (Townsend, 1997). Esta investigación desenvólvese principalmente no ámbito da produtividade, xa que se busca indagar na inserción laboral dun grupo de persoas. Porén, a produtividade estará relacionada tamén coa propia persoa e o seu medio, como se expoñerá máis adiante.

Consecuentemente coa produtividade, cabe resaltar que o emprego é unha ocupación importante na vida adulta das sociedades occidentais, xa que se relaciona con beneficios a nivel financeiro pero tamén non financeiros: por exemplo, coa conexión social, contribucións á sociedade, estrutura e rutina da vida cotiá (Christiansen e Townsend, 2010; Dorsey et al., 2019, como se cita en AOTA, 2020). Ademais, debe ser significativo, estar ben remunerado e ser desenvolvido en condicións saudables, tanto a nivel físico como promovendo unha saúde mental positiva, en consonancia coas recomendacións da Organización Mundial da Saúde (OMS, 2001).

A relevancia do emprego depende das normas culturais e sociais de cada contexto particular, xa que dentro dun mesmo territorio poden convivir

diversas culturas que adoptan diferentes normas, rituais e patróns culturais que determinan o significado das ocupacións (Iwama, 2006; Townsend, 1997).

Alén de presentar interrogantes relacionados coa ocupación da persoa, débese, do mesmo xeito, “reflexionar sobre a ocupación en interdependencia coa dinámica sociopolítica e económica, as manifestacións culturais e o ecosistema” (Guajardo et al., 2016). Para entender o desempeño ocupacional das persoas é imprescindible coñecer os seus contextos. O contexto descríbese como “unha lente a través da cal as persoas ven o seu mundo” (Dunn, Brown e McGuigan, 1994).

O ser humano vive integrado nun medio no cal se desenvolve en convivencia coa natureza (Iwama, 2006). Así pois, eventos como a chegada dunha pandemia, o cambio climático, a guerra, o avance tecnolóxico, entre outros; enmarcan o espazo – tempo das ocupacións que realizan as persoas adultas no mundo actual. A ocupación como potencial humano vai cambiando a través das tensións e loitas sociais, os cambios de paradigmas e o desenvolvemento das forzas produtivas. “As posturas triunfantes na hexemonía histórica e social de certos sectores van determinando ou impoñendo cales son as ocupacións válidas para cada tipo de sociedade e cales son os válidos para desempeñala” (Ramírez e Schliebener, 2014).

E, xa que un dos focos deste traballo é o emprego, hai que sumar a este panorama sociopolítico a situación de desemprego que tan grave vén sendo historicamente en España en comparación con outros países europeos (Herrera, 2020; Cueto et al., 2018). O estado español tiña, en outubro de 2022, unha alta taxa de desemprego do 32,3%, seguido polo 27,3% de Grecia; e sendo, a República Checa, o país con menor taxa de paro na Unión Europea, cun 5,7% (Statista, 2023). O índice de poboación en risco de pobreza e exclusión social en España situábase nun 27,8% no ano 2021, segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE, 2022).



Por outra banda, conseguir un traballo non é unha tarefa doada porque, cada vez máis, é necesaria a adquisición de coñecementos, competencias e desenvolvemento de habilidades a través de colexios e Universidades de dous e catro anos, así como de programas de formación profesional públicos e privados (Cueto et al., 2018).

Ademais, o alumnado con discapacidade enfróntase a determinadas situacións que dificultan o acceso aos estudos universitarios con normalidade, pois a discapacidade pode repercutir no ámbito académico, no campo das relacións e no contexto da vida cotiá (Polo Sánchez e López Justicia, 2006). Así mesmo, o acceso á Universidade e aos propios estudos universitarios están repletos de barreiras para as persoas con discapacidade intelectual, que xeran medo, desinformación, prexuízos e desorientación (Alcaín e Medina-García, 2017). Deste xeito, acaban tendo menor taxa de inserción nos espazos educativos e laborais en comparación coa poboación sen discapacidade, segundo o Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI, 2020).

A través deste traballo, trátase de comprobar se o título propio EC da Universidade da Coruña, actuou como contexto facilitador para a inclusión laboral das persoas egresadas en EC. Este título propio é un programa que ofrece una formación universitaria a persoas con discapacidade intelectual. Deste xeito, trabállanse un conxunto de contidos e metodoloxías adaptadas ás características propias do alumnado, a fin de que poidan obter unha certificación académica que lles permita aumentar as súas posibilidades e alternativas no momento de incorporarse ao mercado laboral.

## **1.1 Estado da arte**

### **1.1.1 Programas de formación universitaria para persoas con discapacidade intelectual**

O presente traballo consiste na observación da mirada dun grupo de estudantes que se graduou en Espazo Compartido desde unha perspectiva ocupacional. É dicir, tratouse de entender que repercusión real tivo a participación neste título propio para a vida cotiá do estudiantado egresado, desde un enfoque da Terapia Ocupacional.

Espazo Compartido pertence a unha rede de programas de formación en diferentes Universidades españolas, para promover a empregabilidade das persoas xoves con discapacidade intelectual, do desenvolvemento ou TEA. A rede, chamada UniDiversidad, ubícase no marco da convocatoria de axudas da Fundación ONCE, coa financiación do Fondo Social Europeo (FSE) e a través do Programa Operativo de Emprego Xuvenil (POEJ).

UniDiversidad une Administracións Públicas, empresas e entidades sociais dos territorios das distintas Universidades participantes, favorecendo a integración social e laboral das persoas xoves con discapacidade intelectual. Esta formación para o emprego con duración variable dun ou dous cursos académicos, apóiase en materias universitarias, complementadas con actividades extracurriculares no campus, así como prácticas laborais en empresas, entidades sociais ou na propia Universidade (SEPE, 2022; Fundación ONCE, 2022).

### **1.1.2 A inclusión no ámbito universitario**

Dende o ano 2006, a raíz da Convención Internacional sobre os Dereitos Humanos das Persoas con Discapacidade das Nacións Unidas, e a súa entrada en vigor o 8 de maio de 2008, obsérvase un incremento da inclusión na educación superior das persoas con discapacidade no territorio español (Cano Ruiz, 2012). En España, está xuridicamente amparado o dereito á

educación inclusiva das persoas con discapacidade en tódolos niveis, incluído o ámbito universitario (Alcaín e Medina-García, 2017).

Existen diferentes leis que avalan o dereito de estudar a persoas con discapacidade, mais considerouse pertinente destacar algunhas (consultar Táboa 1).

Así e todo, o número real de persoas con discapacidade que acceden á Universidade continúa a ser unha cifra ínfima. No curso 2019-2020 había 19.910 persoas con discapacidade matriculadas, representando o 1,5% do estudiantado total (Fundación Universia, 2021).

A pesar de que a gran maioría de Universidades posúen normas específicas para a igualdade de oportunidades, o CERMI, no seu estudo do ano 2020 sobre a inclusión das persoas con discapacidade na Universidade española, 2020, aclara que existen múltiples barreiras que impiden o acceso á Universidade. Fai cinco grandes grupos:

- I. Barreiras previas ao acceso á Universidade.
- II. Problemas de permanencia.
- III. Inconvenientes na inserción laboral/empregabilidade posterior.
- IV. Brecha de xénero.
- V. Discriminación interseccional.

É importante que a inclusión sexa real no ámbito educativo para acadar tamén a inclusión no plano social, xa que a educación “é unha ferramenta de cambio para romper coa discriminación e a exclusión”.

### **1.1.3 *Empregabilidade e discapacidade intelectual***

Segundo o INE, no ano 2021 había 1.933.400 persoas con discapacidade en idade de traballar (de 16 a 64 anos), o que supuxo o 6,3% da poboación total en idade laboral. Da citada poboación, 663.900 eran activas, un 1,59% do total da poboación activa. Dentro da poboación activa con discapacidade observouse maior porcentaxe de homes, máis peso do grupo de 45 a 64

anos e menor representación de persoas con estudos superiores que nos activos sen discapacidade. O número de persoas con discapacidade ocupadas en 2021, era de 516.300; sendo así, 147.600 persoas en paro, o que se traduce nun 34,6% de taxa de actividade, un 26,9% de emprego, e un 22,5% de taxa de paro. É unha moi baixa participación no mercado laboral fronte a taxa de actividade das persoas sen discapacidade, a cal é dun 77,7%, máis do dobre. Para as persoas con discapacidade, o papel do emprego como medio para acceder a roles sociais valiosos pode ser máis crítico. É amplamente recoñecido que a maioría das persoas con discapacidade viven por debaixo do limiar da pobreza, e este estado está ligado, polo menos en parte, ás súas baixas taxas de emprego (SEPE, 2022).

“A falta de finanzas e conexións fóra do fogar establece un ciclo de illamento social para moitas persoas e dificulta a participación en actividades sociais. E aínda que os programas sociais na maioría dos países desenvolvidos axudan a mellorar a carencia de ingresos, a maioría fai pouco para levar ás persoas con discapacidade a uns estándares de vida aceptables e non abordan o illamento social e o baixo estatus asociados ao desemprego continuado” (Lysaght, Cobigo e Hamilton, 2012).

A inserción laboral ou empregabilidade é un dos obxectivos perseguidos polas persoas que acceden a estudos superiores ou universitarios. É prioritario que as universidades dispoñan de servizos para orientar as estudantes con discapacidade en itinerarios personalizados que busquen unha adecuada transición ao mundo laboral (CERMI, 2020).

#### **1.1.4 Unha ollada ocupacional**

A Terapia Ocupacional no ámbito da rehabilitación propón un modelo chamado Rehabilitación Baseado na Comunidade (RBC). Trátase dunha estratexia de rehabilitación, igualdade de oportunidades e integración social de persoas con discapacidade dentro do desenvolvemento comunitario (WFOT, 2004). Asume que a participación é a posibilidade de

ser tido en conta, formar parte de, involucrarse nas decisións. “Participar significa poder saír do entorno máis íntimo a unha esfera máis pública, participar no territorio local, a autoxestión: vivir unha vida propia” (Guajardo, Recabarren e Parraguez, 2014).

A OMS destaca que, no modelo social, as barreiras á participación son causas importantes da discapacidade (García e Moreno, 2005). Enténdese, entón, a discapacidade como un problema social que non presenta as súas raíces nas limitacións individuais das persoas, senón “nas limitacións que impón a sociedade para prestar servicios axeitados e para asegurar que as necesidades sexan tidas en conta dentro da organización social” (Palacios, 2008).

Neste sentido, a Terapia Ocupacional vela polo que se denomina xustiza ocupacional, concepto que defende o dereito de todas as persoas a realizar ocupacións diversas e significativas que satisfagan as súas necesidades e permitan desenvolver o seu potencial (Townsend e Wilcock, 2004). Facendo unha lectura sobre a xustiza ocupacional, acháronse diferentes termos asociados de interese particular no relativo á participación das persoas con discapacidade. Por exemplo, a privación ocupacional, a cal xera unha situación de inxustiza ocupacional debido á falta de empoderamento a través da ocupación, e tamén poderíamos atoparnos con casos de marxinação, alienación e desequilibrio ocupacional; xa que “a capacidade de facer, ser e chegar a ser”, son interrompidos por axentes externos (Wilcock, 1998; Whiteford e Wilcock, 2000).

Os contextos actuais da teoría e práctica da Terapia Ocupacional abranguen: o cambio climático, a desigualdade e saúde, a sustentabilidade e o desprazamento (Creek, Pollard e Allen, 2022). “Unha das maiores ameazas para a saúde global é a desigualdade, ou falta de equidade de experiencia, que se atopa en todas as sociedades, e que xorde polas desigualdades sociais ou as diferenzas nas condicións nas que viven as persoas” (Marmot, 2017, como se cita en Creek, Pollard e Allen 2022).

Por todo o anteriormente citado, considérase importante a percepción das persoas con discapacidade intelectual que estudaron o título propio Espazo Compartido na Universidade da Coruña, que permita coñecer a subxectividade das egresadas e detectar as barreiras e potencialidades, así como as inquiredanzas e os pensamentos, relativos á transición laboral despois dos estudos na universidade. Deste xeito, espérase poder contribuír, dende unha ollada científica e ocupacional, á inclusión de tódalas persoas, en pos da xustiza social e da equidade; entendendo a inclusión social como “o recoñecemento das persoas con discapacidade con dereitos e deberes cidadáns e a construción da cidade a partir da diferenza” (García e Moreno, 2005).

“As/os terapeutas ocupacionais tamén teñen o rol e a responsabilidade de desenvolver e sintetizar o coñecemento para apoiar a participación; para identificar e formular o tema de barreiras e inxustizas ocupacionais; e para traballar con grupos, comunidades e sociedades coa fin de aumentar a participación na ocupación de tódalas persoas. Lograr isto é lograr unha sociedade con xustiza ocupacional” (WFOT, 2006).

## **2. Obxectivos**

### **2.1 Obxectivo xeral**

O obxectivo principal deste traballo é coñecer a situación ocupacional actual das persoas egresadas de EC e indagar nos efectos que tivo o programa no seu ámbito laboral, persoal e educativo unha vez remataron os estudos.

### **2.2 Obxectivos específicos**

- Identificar os cambios nos aspectos intrínsecos nas contornas social e familiar, directamente relacionadas coas súas ocupacións diarias.
- Determinar se o paso por EC motivou, dalgún xeito, a exploración de novas ocupacións significativas.
- Percibir se existe un incremento da autonomía para mellorar a propia situación de empregabilidade.
- Coñecer as iniciativas das persoas egresadas en EC cara novas actividades no ámbito de estudo e/ou laboral.
- Entender a realidade da empregabilidade despois de estudar en Espazo Compartido.

### **3. Metodoloxía**

#### **3.1 Tipo de estudo**

É un traballo de investigación cualitativa, de tipo interpretativo; xa que, a través da interpretación das palabras das mesmas persoas participantes do estudo, búscase profundar na súa subxectividade para chegar a conclusións relacionadas cos obxectivos de estudo. En concreto, utilizouse a Teoría Fundamentada, método sistémico desenvolvido por Glaser e Strauss no ano 1967 nos Estados Unidos, nun estudo sobre a consciencia da morte de pacientes ingresados hospitalariamente en estado terminal (Timmermans, 2007).

Así pois, neste traballo, a lóxica metodolóxica consistiu na indución de teorías a partir da análise subxectiva das experiencias aportadas polas persoas participantes no estudo; contrariamente a como se faría nunha investigación cuantitativa, onde, a partir de teorías preexistentes, dedúcense diferentes hipóteses (Charmaz, 2006).

A Teoría Fundamentada busca coñecer o significado dos códigos das persoas ou grupos de persoas suxeitos e obxectos dunha investigación, para comprender o mundo práctico construído das mesmas. Por isto, realizouse unha interpretación dos rexistros que aportaron as persoas na investigación, neste caso a través dun cuestionario con preguntas abertas aplicado no contexto dunha entrevista semiestruturada.

#### **3.2 Posición da investigadora**

A investigadora é unha estudante da última materia do Grao en Terapia Ocupacional da Universidade da Coruña, o Traballo de Fin de Grao. O interese por realizar este traballo nace da propia evolución ao longo dos anos estudando Terapia Ocupacional, co último curso realizado na Universidade de Viña del Mar, en Chile. As prácticas e os traballos realizados a través do tempo, vinculáronse ao ámbito educativo e asociativo, con especial interese na igualdade de dereitos e oportunidades



ocupacionais na comunidade cunha perspectiva holística e crítica da profesión. É dicir, pártese desde unha mirada que ten en conta que as persoas habitan o mundo dentro dunha estrutura social e contextos particulares, complexos e concretos, os cales poden servir como facilitadores ou como barreiras, para a promoción da saúde, o benestar e a calidade de vida das persoas. Ademais, a persoa é entendida como un ser que está en interdependencia coa natureza, as demais persoas e a espiritualidade. Non se entende como un ser exclusivo ou esencialmente máis importante que outros seres, senón como dependente e como parte dun todo máis grande, con motivacións máis alá da súa individualidade.

Dende a infancia existiu unha curiosidade propia e inconsciente polas desigualdades sociais, e a consciencia da diversidade de realidades impulsou a motivación de poder contribuír a reducir o impacto que producen as diferencias para acadar un equilibrio co medio.

Así, presentouse a posibilidade de participar na bolsa de persoas voluntarias de Espazo Compartido e, interesada polas diferentes accións e estudos que hai detrás do título propio, decidiuse realizar o TFG finalmente nesta liña de investigación.

### **3.3   Ámbito do estudo**

O ámbito de estudo límtase ao estudantado que rematou os seus estudos no título Espazo Compartido. Trátase dun título propio promovido pola Universidade da Coruña que, como xa se puntualizou, busca a formación e a mellora das condicións de empregabilidade das persoas con discapacidade intelectual.

EC iniciouse no ano 2013 como proxecto piloto e consolidouse como título propio no curso 2017/2018. Desde os seus inicios, a localización das súas aulas foi mudando desde a Facultade de Educación, pasando pola Facultade de Económicas ata a Escola Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos (o centro actual), todas no Campus de Elviña.

O grupo participante é residente na cidade da Coruña, na súa área metropolitana, así como no concello de Ferrol e os municipios adxacentes.

### **3.4 Período do estudo**

O traballo iniciouse no mes de outubro de 2021 e rematouse en febreiro de 2023. Dende outubro a decembro do 2021 realizouse a primeira busca bibliográfica e estruturación da investigación. No mes de outubro do 2022 fíxose a entrada ao campo. En novembro do mesmo ano recolléronse os datos para, o seguinte mes, decembro do 2022, analizar e interpretar os resultados. En xaneiro do 2023 redactáronse a discusión e as conclusións. En febreiro do ano actual revisouse e deuse por finalizado o traballo de investigación. A duración total do estudo foi de 16 meses.

### **3.5 Perfil de participantes**

As persoas que participaron no estudo teñen en común as seguintes características:

- Estudantes que cursaron o título propio Espazo Compartido entre o ano 2013 e o 2020 e completaron a súa formación.
- Teñen idades comprendidas entre os 21 e os 33 anos.
- Posúen un recoñecemento oficial dunha discapacidade intelectual cun grao igual ou superior ao 33%.
- Son beneficiarios do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.
- Presentan capacidades diversas relativas ás habilidades sociais.
- Contan cun nivel de autonomía, de habilidades de comportamento e de resolución de problemas adecuado.
- Dispoñen de competencias básicas como a lectura, escritura e o cálculo.
- Non teñen superado as probas de acceso á Universidade.
- Tódalas persoas que acceden ao programa pasan por un proceso de selección para a comprobación de todos estes requisitos.

No estudo participaron 14 homes e 11 mulleres, un total de 25 persoas. Asignáronse pseudónimos numéricos para preservar o anonimato das declaracións, que aparecerán ao longo do apartado dos resultados. Para ver a lista de pseudónimos asignados ás participantes, consultar a Táboa 2.

### **3.6 Acceso ao campo**

O contacto coa poboación do estudo foi facilitada polas titoras do traballo, quen se puxeron en contacto coas persoas egresadas no título Espazo Compartido para presentar o estudo e a propia investigadora, quen se comunicaría directamente coas persoas que finalmente aceptaran participar.

En primeiro lugar, as docentes enviaron un documento onde se explicaba a finalidade e o propósito do traballo, solicitando o consentimento das participantes para a obtención dos seus datos persoais, que foron tratados de maneira exclusiva para o presente estudo (consultar Apéndice A: Consentimento para a obtención de datos persoais).

Deseguido, as persoas que expresaron a súa vontade por participar, foron contactadas pola investigadora a través do correo, mais pola escasa reciprocidade neste medio, e a localización física da investigadora, que non se atopaba preto das participantes, optouse por realizar as comunicacións de maneira máis directa por vía dunha plataforma de mensaxería instantánea. Unha das participantes preferiu contestar por vía telefónica e posteriormente transcribíronse as súas respostas por escrito. O resto enviou o cuestionario por correo ou mensaxería instantánea.

A entrada ao campo realizouse co amparo legal da UDC para a toma de contacto coas persoas egresadas. Desde o mesmo, especificouse que, dado que obxectivo do actual traballo consiste en realizar un estudo de inserción laboral e de satisfacción do programa do título propio, considerouse que este contacto inicial está lexitimado polo interese público

(art. 6.1.e do Regulamento Europeo de Protección de Datos). En calquera caso, o uso dos datos persoais limitouse ao estritamente necesario pola finalidade científica concreta perseguida.

### **3.7 Aspectos éticos**

Para levar a cabo este estudo, seguíronse os principios éticos que regulan a profesión, sendo estes os seguintes: autonomía e autodeterminación, non maleficiencia, xustiza e equidade, máxima beneficiencia, honestidade, confidencialidade, fidelidade e solidariedade (Consello Xeral de Colexios de Terapeutas Ocupacionais, 2020).

Por outra parte, consideráronse as especificacións do Convenio de Oviedo ou Convenio para a protección dos dereitos humanos e a dignidade do ser humano con respecto das aplicacións da bioloxía e a medicina (Convenio de Oviedo, 1997). Tivéronse en conta, ademais, o Informe de Belmont, 1978, e a Declaración de Helsinki, datada no ano 1964.

Así mesmo, contouse co consentimento das persoas participantes e, ademais, aplicouse a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

### **3.8 Criterios de busca bibliográfica**

Debido á natureza do propio proceso desta investigación, polo cal a duración total da mesma foi realmente dun ano e catro meses, o proceso de busca bibliográfica resultou distendido no tempo e consistiu nunha revisión da evidencia científica actual e recompilación da literatura científica relacionada cos obxectivos do estudo de maneiras diversas.

Por un lado, os conceptos e termos relacionados cos fundamentos da terapia ocupacional, buscáronse directamente en capítulos de libros e artigos fundamentais da disciplina.

Por outra banda, as titoras facilitaron datos e bibliografía relacionada co título Espazo Compartido.

E, por último, fíxose o uso das seguintes palabras clave (en inglés ou español, segundo correspondese): discapacidade intelectual, terapia ocupacional, empregabilidade, emprego, Universidade, inclusión e traballo; en revistas científicas de Terapia Ocupacional en liña, como *Journal of Occupational Science*, *Revista Chilena de Terapia Ocupacional*, *Cadernos Brasileiros de Terapia Ocupacional*, *Scandinavian Journal of Occupational Therapy* e Google Académico. Tamén se realizou unha busca nas bases de datos de CINAHL e MEDLINE.

Incluíuse, ademais, o principio da *serendipia* (Charmaz, 2006), polo cal algúns documentos e arquivos xurdiron dun criterio máis intuitivo que metodolóxico. Así, un artigo podía conducir a outro observando conceptos considerados relevantes para a investigación e visitando referencias dentro de artigos, chegando a unha maior profundidade de comprensión dun mesmo tema.

Revisáronse un total de 130 documentos, dos cales algúns foron descartados e outros íanse tendo en conta no decorrer de todo o proceso, en relación tanto coa introdución como coa metodoloxía e a discusión.

### **3.9 Método de recollida de datos**

Para a recollida de datos, primeiro informouse ás potenciais participantes da realización do traballo, despois solicitouse o consentimento e, por último, enviáronse cuestionarios a todas as persoas seleccionadas para o estudo. O instrumento de recollida de datos elaborouse tendo en conta as premisas da investigación cualitativa, que busca entender, da maneira máis holística e completa posible, a realidade subxectiva das persoas. Así, redactouse un cuestionario con preguntas abertas pero focalizadas nos obxectivos de estudo; buscando indagar nas experiencias das persoas egresadas e vinculando Espazo Compartido ao ámbito persoal, laboral e educativo de cada participante. Pódese consultar o Apéndice B: Cuestionario para as persoas participantes.

Só se tiveron en conta os datos das persoas que deron o seu consentimento e accederon a participar, obtendo un total de 25 cuestionarios de 49 persoas que cumprían cos criterios de inclusión, sinalados anteriormente.

### **3.10 Método de xestión e análise de datos**

A propósito da análise dos datos, utilizouse a Teoría Fundamentada (Corbin e Strauss, 2015) como guía de base científica para o procesamento dos datos obtidos. Para a Teoría Fundamentada, o importante é xerar teoría, entendéndoa como “entidade en constante desenvolvemento e non como algo rematado. Só desta maneira se pode axustar á realidade da interacción social e ao seu contexto cultural” (Glaser e Strauss, 1967, como se cita en Ardila-Suárez e Rueda Arenas, 2013 ). O proceso da análise fíxose a través da codificación dos mesmos, usando o Software Atlas.ti v22.

Tendo en conta as premisas do deseño e tipo de estudio, foi fundamental a actitude crítica e aberta dende o comezo da análise dos datos obtidos e durante todo o proceso (Charmaz, 2006).

Para o tratamento e análise dos datos, subíronse todos os cuestionarios á plataforma Atlas.ti v22. Despois, revisáronse, unha a unha, as diferentes preguntas de cada cuestionario, identificando códigos a través da selección dos *verbatim*s considerados máis relevantes. Fóronse xerando *memos* de maneira paralela e tomando notas, ademais de ir revisando simultaneamente as teorías pertinentes para a metodoloxía seleccionada. Así, seguíronse os seguintes pasos na análise dos datos obtidos:

#### **1. Codificación**

En primeiro lugar, identificáronse os códigos iniciais. Buscáronse similitudes e diferencias entre as respostas das participantes, xuntando ideas, conceptos e feitos significativos para sintetizar a información obtida e agrupala en categorías e subcategorías. “Durante a codificación inicial estudamos fragmentos de datos (palabras, liñas, segmentos e incidentes) de preto para a súa importación analítica”

(Charmaz, 2006). Debe haber ideas comúns ou que se repitan para que unha categoría se manteña ao longo das revisións no proceso de codificación, xa que é unha maneira de sinalar conceptos e hipóteses que emerxen dos propios textos a través dunha codificación inicial e unha posterior fase selectiva onde se sintetizan, en categorías, os datos máis significativos.

## 2. Mostreo teórico e método de comparación constante

Tan pronto como foron emerxendo ideas e categorías a seguir, fóronse escribindo *memos* que axudaban a explorar as ideas sobre as categorías. Utilizáronse ferramentas do propio *software* para fomentar a creatividade do proceso, por exemplo facendo uso das redes, unha función que relacionaba *verbatim*s e *memos* con categorías a través de esquemas, o cal permitía observar os datos de diferentes formas, favorecendo a interpretación e análise da información. Nesta fase do proceso, a ollada da investigadora mantíñase aberta a novas preguntas emerxidas da análise dos datos, revisando e comparando as categorías, e contrastándoa coas premisas iniciais.

## 3. Saturación teórica

Unha vez se tiveron claras as ideas máis repetidas nas declaracións das participantes, e xa cunha primeira análise da información, procedeuse a definir os temas relacionados aos obxectivos de estudo, organizando toda a análise cun enfoque ocupacional sobre a interpretación obtida, ata que se chegou a un punto no cal se repetían os datos: saturación teórica. Neste momento, as categorías non variaron a pesar de que se continuara engadindo información nin revelou novas propiedades, polo cal se considerou finalizada a revisión dos datos obtidos na investigación.

## 4. Xeración de resultados

Por último, emerxeron diferentes teorías sobre as relacións creadas durante o proceso de análise e interpretación dos datos. Deste xeito, conceptualizouse o fenómeno de estudo para entendela en termos máis

abstractos, ofrecendo unha interpretación da subxectividade das persoas que participaron no traballo de investigación.

### **3.11 Criterios de rigor**

A investigación cualitativa ten como obxectivo coñecer e analizar as vivencias de persoas ou grupos de persoas, o cal non se pode facilmente cuantificar, debido á complexidade dos diferentes fenómenos humanos, polo que depende da subxectividade. Non obstante, a literatura científica relativa á investigación cualitativa, avala as interpretacións subxectivas a través de diferentes estándares que axudan á súa rigorosidade. “A calidade é esquiva, difícil de especificar, mais a miúdo sentimos que a sabemos cando a vemos. Neste sentido, a investigación é como a arte en lugar da ciencia” (Seale, 2002, como se cita en Corbin e Strauss, 2015).

Charmaz, no seu libro *Introducing Qualitative Methods*, do ano 2006, nomeou catro principios de rigor:

#### **3.11.1 Credibilidade**

Este termo está relacionado á verosimilitude, a cal se consegue a través de catro aspectos: o primeiro, que haxa suficiente detalle e descrición para que as persoas que o lean perciban a presenza indirecta da investigadora no campo de estudo. Segundo, que haxa suficiente evidencia sobre como se conseguiron os datos obtidos e como se conduciu a análise, para que se poda entender como a investigadora chegou aos resultados e conclusións. Terceiro, que haxa varios grupos de comparación ou que a teoría poda aplicarse a outros grupos. Por último, a investigadora debe especificar os tipos de datos nos que basea as súas interpretacións (Corbin e Strauss, 2015).

#### **3.11.2 Orixinalidade**

A rigorosidade tamén se mide pola orixinalidade das categorías, se ofrecen novas ideas, se existe unha nova representación conceptual dos datos, se



o traballo ten certo significado teórico e, por último, se supón un reto, estende ou redefine ideas, conceptos e prácticas existentes.

### **3.11.3 Resonancia**

As categorías deben poder retratar a plenitude da experiencia estudada, e débese ter revelado os significados iniciais dos datos obtidos. Así como é necesario que a teoría teña sentido para as persoas que compartiron as súas circunstancias e lles ofrezca ideas máis profundas sobre as súas vidas. En definitiva, que non sexa unha subxectividade imaxinada enteiramente pola investigadora, senón que corresponda e aporte significado baseándose na subxectividade dos fenómenos que estuda.

### **3.11.4 Utilidade**

O cuarto criterio sinala o beneficio da teoría máis alá do propio traballo de investigación. Aporta rigorosidade científica se as interpretacións e a análise poden ser usadas polas persoas no seu día a día e se contribúe ao coñecemento para facer un mundo mellor.

## 4. Resultados

Sinaláronse diferentes enunciados que engloban as experiencias destacadas e consideradas relevantes para os obxectivos de estudo. Así pois, tratouse de comprender a realidade das persoas que estudaron o título Espazo Compartido da Universidade da Coruña, interpretando as vivencias declaradas polas persoas participantes neste traballo de investigación, sendo un total de 25 entre os 21 e 33 anos de idade, que viven nas zonas próximas á cidade da Coruña e de Ferrol.

Dende un enfoque correspondente á Terapia Ocupacional, sinaláronse tres eixos significativos para esta investigación: a persoa, o medio social, e a produtividade. Tralo proceso de análise e interpretación descrito ao longo do presente documento, identificáronse 9 temáticas arredor destes tres eixos (para ver un resumo dos resultados, consultar: Figura I. Enunciados dos Resultados).

**Figura I.** *Enunciados dos Resultados*

Persoa	Medio social	Produtividade
<ul style="list-style-type: none"><li>• Importancia da autonomía</li><li>• Exploración das oportunidades de ocio</li><li>• Apoio familiar</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Universo virtual</li><li>• Participación social institucional</li><li>• Inclusión na comunidade máis alá da discapacidade</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Promoción laboral</li><li>• Diversidade de competencias</li><li>• Prácticas curriculares como método de inserción laboral</li></ul>

*Elaboración propia tras obter os resultados do estudo.*

## PERSONA

### *Importancia da autonomía*

A idade das participantes corresponde socialmente a unha transición cara a vida adulta, etapa na cal acadada especial relevancia a individualidade e a autonomía, entendida como a capacidade da persoa para decidir e levar a cabo as actividades da vida cotiá utilizando as propias habilidades e recursos. Resaltáronse dúas declaracións das persoas implicadas no estudo, a través das que se percibiu a importancia das habilidades persoais relacionadas coa superación e a capacidade de facer e decidir por un mesmo:

**P1:** “Sentí, que cuando pasaba el tiempo, iba mejorando mis objetivos, que me superaba a mí mismo, y que gracias a las profesoras, pude mejorar en muchos apartados, que antes me costaba más, y lo sé porque saqué notas excelentes y mi nivel fue muy alto durante mucho tiempo, por eso lo pienso que mi paso por Espazo fue muy óptimo”.

**P2:** “Me siento súper bien sobre todo por conseguirlo por mí mismo. [...] Yo pienso que no se tiene que mirar las dificultades que tienes que también si no las capacidades que uno tiene”.

### *Exploración das oportunidades de ocio*

As persoas que participaron compartiron a relevancia de diferentes ocupacións significativas relacionadas co ocio, tanto antes, como durante e despois de estudar en Espazo Compartido. Percibiuse unha alta resposta no relativo ao uso do tempo libre, destacando as relacións sociais, o deporte e a música, a cultura e a arte. O entusiasmo, notado pola descrición detallada das actividades no tempo libre, interpretouse como sinal da significación que ten na vida das participantes o poder participar con outras persoas e ocupar o tempo relacionándose con elementos externos á realidade dun mesmo, por exemplo: todas as ocupacións vinculadas á

creación artística e o entretemento. Estudar en EC semella actuar como incentivo para que as estudantes continúen explorando oportunidades de ocio significativas, xa que as participantes declararon continuar coas súas actividades no tempo libre durante e despois de estudar en EC, e incluso nomearon ter comezado algunhas novas. Sería pertinente profundar neste aspecto para poder relacionar causalmente o curso de EC coa participación en novas oportunidades de ocio, aínda que parece, ao menos, actuar de maneira estimulante.

**P1:** “(Antes de EC) Me gustaba, hacer deporte al gimnasio, jugaba al fútbol sala, hacía teatro, estaba en la Asociación Adcor, y hacía baloncesto, estaba con otro grupo de teatro, hacía musicoterapia, también estaba en otra asociación AIND, y hacía pintura, manualidades”.

“(Agora) Me gusta, andar con mi perra, ir a tomar algo, ir al cine con los amigos, me gusta hacer deporte, leer, ir a la biblioteca a leer libros”.

**P2:** “(Antes de EC) Escuchar música entrenar. (Agora) Salir con amigos escuchar música tomar algo”.

**P3:** “(Antes e despois de EC) Soy miembro del RC Deportivo Genuine y entreno dos días a la semana. También pertenezco a la AM Virgen de la Amargura y ensayamos 2 días a la semana”.

**P4:** “(Antes de EC) Salir con mis amigos. (Agora) Jugar a los bolos, ir al cine, ir de fiesta, salir con mis amigos”.

### ***Apoio familiar***

As participantes indicaron, maiormente, unha boa relación familiar xa antes de empezar a estudar en Espazo Compartido. Houbo persoas que sinalaron unha mellora na relación coa súa nai a raíz de estar estudando en Espazo Compartido. En xeral percibiuse unha énfase na importancia do vínculo e apoio familiar, o cal podería falar da relevancia do apoio familiar no ámbito educativo e na transición ao mundo laboral.

**P5:** “Han cambiado cosas en relación a mí y mi familia. En el sentido de que he madurado, pero aún me queda mucho por hacer y mejorar”

(Sentícheste apoiado polo teu entorno familiar durante o desenvolvemento do curso?)

**P6:** “En todo momento al 100%”.

(Como era a túa relación coa túa familia ao rematar de estudar en Espazo Compartido?)

**P6:** “Igual o mejor porque me sigue apoyando en todo momento para seguir avazando”.

**P1:** “(Antes de EC) La relación , con mi madre era un poco mala, la verdad no nos entendíamos bien, muchas veces no nos sentíamos a gusto, yo estaba muy nervioso, tenía otra personalidad, estaba muy tenso y nervioso, así que no era muy fluida. Por eso quise entrar en Espazo Compartido para cambiar el rumbo y mi manera de ser y de actuar a cara a una vida profesional, que era mi reto y mi sueño”.

“(Despois de EC) Fue muy buena la verdad, y fue mejorando, y nos entendíamos mejor, estaba en un momento, que me sentía satisfecho, con mi vida, y me sentía que hacía algo de provecho por eso me sentí, válido y mi dinámica con mi madre fue muy cambiante, y mi madre se sentía más tranquila y más orgullosa de mí”.

## MEDIO SOCIAL

### *Universo virtual*

A virtualidade está cada vez máis presente e normalizada na sociedade, sobre todo despois da pandemia, a cal supuxo un aumento do uso de Internet para manter as persoas conectadas cos seus medios sociais, traballos, estudos, entre outros. Ademais de vivir un contexto universal marcado polo desenvolvemento das Intelixencias Artificiais (IA), o avance da tecnoloxía e o impacto dixital na vida de tódalas persoas. As últimas xeracións que estudaron en Espazo Compartido viviron este contexto pandémico e pos-pandémico, e o uso das redes sociais é común en todas as respostas das participantes do estudo. Usaron aplicacións informáticas para o estudo durante o curso en Espazo Compartido, mais tamén para manterse conectadas: Teams, Skype, Instagram, TikTok, Facebook, YouTube, Spotify, WhatsApp. Por outra banda, parecía haber un impulso por parte do Programa de Espazo Compartido en facer un uso produtivo das redes máis alá do social, xa que algunhas persoas referenciaron o descubrimento de páxinas como LinkedIn e JobToday ou InfoJobs.

**P5:** “Empecé a usar Instagram”.

**P1:** “No usaba ninguna red social para buscar trabajo, gracias a ellas supe cómo inscribirme a estas páginas, y luego más adelante sí que estuve usando estas redes sociales hasta ahora”[...] “El TiKTok, el Teams”[...] “Sí usaba, Instagram, Facebook, Twitter, Snapchat, Youtube, Spotify”.

**P7:** “Solo Whatsapp porque no me interesan”.

## **Participación social institucional**

Hai unha alta participación en Asociacións e tamén unha estreita relación coas compañeiras e compañeiros do mesmo curso dentro do Programa e cando este remata. Por un lado, a participación vinculada a ámbitos institucionais xustificárase entendendo a relevancia do apoio por parte de entidades no día a día tanto das familias como das persoas con discapacidade, xa que ofrecen soporte para aumentar os recursos, a accesibilidade e as oportunidades, compensando a barreira fronte á sociedade que supón a discapacidade. Por outra banda, ao compartir actividades e intereses, moitas persoas que estudan en Espazo Compartido acaban por participar en ocupacións similares e acompañándose incluso ao rematar os estudos no programa. Isto interprétase como algo positivo para o fortalecemento do sentimento de pertenza na comunidade a través das relacións sociais.

**P8:** “(Estou en diferentes asociacións:) **Aspronaga, Fademga y Aind**”.

**P9:** “Estoy en **Adcor**”.

**P10:** “(Estou en) **Down Coruña**”.

**P11:** “(Participo en) **Fademga**”.

## **Inclusión na comunidade máis alá da discapacidade**

Ademais de pertencer a unha comunidade xunto a persoas coas que se poden identificar por compartiren características, intereses e espazos, é necesario para unha verdadeira inclusión, que as persoas podan participar en outros contornos non vinculadas á discapacidade. Percibiuse unha rede de conexións sociais restrinxida, xa que non hai referencias a outras amizades doutras Universidades ou facultades. Algunhas persoas indicaron incluso non ter amigos nalgún momento, pasado ou actual.

**P1:** “No tenía mucha relación, con las demás facultades de la Universidad de la Coruña, solo la justa y la necesaria. Solo hubo una excepción, el primer año tuvimos relación en la

Facultad de Económicas, cuando estábamos jugando al Ping-Pong”[...] “La sugerencia, sería que me hubiese gustado participar, más actividades a fuera de la universidad, y hubiese molado seguir el contacto después de la universidad con el profesorado y con el alumnado”.

(Relacionábase con estudantes doutras Universidades ou facultades da UDC?)

**P6:** “Sí en el transporte de Ferrol a Coruña”.

**P1:** “Mi relación, con mis amigos antes de Espazo era buena, con alguna rencilla, pero buena, tuve una época en mi vida, que no tenía muchos amigos, y me encontraba solo sin amistades”.

**P12:** “No tengo amigos”

**P6:** “Tengo pocos amigos pero los pocos que tengo son geniales”

A memoria de Espazo Compartido desagrega algunhas actividades extra curriculares con ánimo de promover a inclusión, por conseguinte, corrobórase a necesidade de continuar con este tipo de iniciativas para acadar unha participación social inclusiva.

**P1:** “Sí me relacioné, con otro programa cuando fui a Granada, conocí a otro grupo con diversidad y con ese grupo de chicos sí tuve mucha relación y nos hablábamos entre nosotros”.

**P3:** “Sí (coñecín persoas doutras Universidades) tuvimos intercambios on line”.

**P15:** “Sí (coñecín outros estudantes) los de Costa Rica”.



## PRODUTIVIDADE

### *Promoción laboral*

Das 25 persoas que responderon o cuestionario, 8 declararon ter conseguido un traballo remunerado. O soldo máis alto foi de 1.400€, seguido doutro de 1.200€, unha persoa cobraba 865€ do paro, e o resto: 700, 640, 500, 419, 376, sendo, o máis baixo, de 250€. O resto están estudando oposicións, en situación de desemprego ou buscando traballo. Observouse unha baixa empregabilidade, mais débese afondar nas causas reais deste feito, xa que é complexo de analizar pola situación actual do mundo laboral. Entre as participantes, comprobouse que hai persoas traballando a tempo completo, nunha entidade pública de liñas de ferrocarril, nunha cadea téxtil, na hostalería, nun supermercado e na atención e asistencia á clientela. Algunhas manifestacións destacadas con respecto do laboral foron:

**P1:** Sí eso es exactamente así, gracias a Espazo Compartido, pude conseguir el trabajo, que estoy elaborando ahora mismo.

**P4:** “No me llamaban y cuando lo hacían no era adecuado para mí”.

(Tes algunha suxestión para mellorar o programa?)

**P3:** “Más contacto con las empresas, para que nos conozcan y nos den una oportunidad laboral”.

**P6:** “Hay cosas que no me dejan hacer porque creen que nunca seré capaz.”

[...] “No te forman para camarero, cocinero, conserje, etc., porque la sociedad no cree ni está preparada para darnos facilidades y ayudarnos... pero yo no me rindo”.

## ***Diversidade de competencias***

O perfil do estudantado, pese a compartir características comúns, é diverso. Xeralmente as persoas que estudaron en Espazo Compartido teñen estudos previos de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Formación Profesional (FP) e cursos de educación non formal, o cal pode guiar certos intereses concretos cara a preferencia do ámbito laboral. Ao rematar os estudos en EC, complementan os seus coñecementos con outros cursos destinados a persoas desempregadas ou estudando oposicións.

**P17:** “(Estudos antes de EC) Educación Superior para Adultos (ESA) y un curso de Corte y Confección”

Algunhas persoas refiren que Espazo Compartido tiña materias demasiado complexas, en contraposición doutras que pensaban que podían ter tido materias un pouco máis esixentes. Tamén referiron posuír diferentes estudos de base, polo cal non existe unha homoxeneidade. Deste xeito, as sensacións diferentes sobre a dificultade das materias, pode estar relacionado, entre outras cousas, a esta diversidade de habilidades e coñecementos.

**P6:** “Quité la ESO” [...] “Intenté hacer técnico de farmacia pero tuve muchos problemas con profesores que no me querían ayudar”.

**P13:** “(Antes de EC estudei a) ESO”.

**P14:** “Gestión administrativa”

**P8:** “Educación primaria”

**P1:** “Yo estudié un curso de informática, había estudiado, un PQPI básico sobre la Cocina, estudié Jardinería, estudié pastelería, estudié un curso de Masajista, estudié también la ESO”.

**P16:** “Barista”.

## **Prácticas curriculares como método de inserción laboral**

No relativo ás prácticas, as opinións foron diversas, algunhas persoas botaban en falta algunhas materias previas de preparación, outras relacionaban o que estudaron coa obtención dos coñecementos necesarios para atopar traballo ou seguir estudando. As materias de Espazo Compartido están enfocadas cara a aprendizaxe de habilidades xerais para conseguir un emprego. Antes da realización das prácticas existe unha preparación por parte do programa e o éxito das mesmas está enlazado coa adaptación a elas, tanto por parte das estudantes como da entidade que as ofrece.

**P14:** “Donde de verdad estoy obteniendo conocimientos útiles para mí CV es el Ciclo de gestión administrativa ... Por decírtelo sutilmente” [...] “Por otra parte título propio de acuerdo te lo compro pero .... ¿ Cómo lo añades hoy en día tu CV ?”.

(Engadirías algunha materia máis?)

**P8:** “Empleo y riesgos laborales”.

(Cal era a materia que máis che gustaba?)

**P7:** “Preparación para el empleo”.

**P1:** “Sí era muy útil, me ayudó a cara a un futuro, aprender cosas básicas y importantes para trabajar y reforzar mi autonomía y mis capacidades. Hubo un poco de todo creo que hay cosas sobre todo en el principio, que no tenían nada que ver, con el trabajo, pero el segundo año de Espazo Compartido y sobretodo el segundo cuatrimestre, sí que tenía que ver cara el mundo laboral”.

Algunhas participantes manifestaron estar traballando no mesmo sitio no que fixeron as prácticas, mais a maioría non:

**P2:** “No antes no trabajaba estoy trabajando en la empresa que hice las prácticas”.

**P5:** “El curso en sí está bien, pero no conseguí insertarme en el mundo laboral”.

**P1:** Me siento genial la verdad, me veo que soy una persona autónoma, me siento válido y que hago algo provechoso, y me siento con la autonomía alta, porque me siento feliz y adaptado, y involucrado al trabajo que hago.

## **5. Discusión**

Nesta investigación estudouse a percepción dun grupo de persoas con discapacidade intelectual sobre os seus estudos no título propio Espazo Compartido da Universidade da Coruña. Así, analizouse o impacto que tivo esta formación nas súas ocupacións, e os resultados amosaron realidades diversas das cales xurdiron diferentes temáticas.

Para a organización dos resultados, seguiuuse unha lóxica de agrupación en tres categorías: a persoa, o medio social, e a produtividade. Por isto, a discusión tamén estará centrada nestas áreas.

Así, creouse un diálogo entre os resultados máis destacados e a literatura científica actual. Por un lado, considérase a importancia da rede de afectos, destacando as oportunidades ocupacionais, o contexto actual global e a inclusión. Por outro, tómanse en relevancia as oportunidades laborais e a empregabilidade ou inserción laboral das persoas con discapacidade intelectual.

A relación das tres categorías (persoa, medio social e produtividade) na literatura científica actual reafirma a idea desenvolta ao longo deste estudo do ser humano como parte dun todo, e resúmese no seguinte: a historia persoal, o núcleo familiar e as características individuais inflúen na motivación dunha persoa para levar a cabo as accións requiridas para conseguir un traballo (produtividade). Porén, é necesario que a persoa teña acceso a oportunidades ocupacionais a través da inclusión na súa comunidade (social) para poder desenvolverse como individuo.

Se ben é certo que existe evidencia na literatura científica que analiza a relación entre emprego – discapacidade – universidade non hai apenas investigación recente sobre os programas inclusivos universitarios e os seus efectos na empregabilidade de persoas con discapacidade intelectual (McDowell, Fossey e Harvey, 2022).

A continuación, discutiránse máis en profundidade as diferentes temáticas:

A **persoa** é entendida como ser individual e membro dun colectivo simultaneamente. Recoñécese a formación da súa identidade individual en relación á vida en colectividade. Así, o ser humano forma a súa identidade estando conectado dentro dun grupo social (Malfitano, Whiteford e Molineaux, 2019). Dous termos que fan referencia á idea de colectividade, son: *Ubuntu* e *Amae*. *Ubuntu*, desenvolta no ámbito da ciencia ocupacional por Ramugondo e Kronenberg, no ano 2015, significa que “unha persoa é unha persoa a través doutras persoas”. *Amae*, descrita por Iwama no 2006, é un termo xaponés que abrangue a interdependencia dos seres humanos.

A idade das participantes (21-33 anos) corresponde a unha etapa na cal adquire especial relevancia relacionarse con persoas coetáneas para o desenvolvemento de novos roles sociais e de competencias para explorar a vida (Miklos, Jahnsen, Nyquist e Ullenhag, 2021). Enténdese, entón, a relevancia da socialización para unha correcta adaptación ao medio. Deste xeito, os resultados amosaron que as persoas que estudaron en EC relacionábanse con outras persoas da súa idade, compartindo ocupacións tanto dentro como fora da aula; o cal reforza a súa identidade en colectividade, o desenvolvemento de novos roles sociais e a participación na comunidade. Aínda así, interpretouse unha falta de redes afectivas máis alá da discapacidade.

Dende o modelo social, explícase a necesidade de repensar o concepto da discapacidade a favor dunha sociedade inclusiva: “unha incapacidade para camiñar é unha deficiencia, mentres que unha incapacidade para entrar a un edificio debido a que a entrada consiste nunha serie de chanzos é unha discapacidade” (Jenny Morris, como se cita en Palacios, 2008). Deste xeito, acéptase que existen os límites persoais, mais responsabilízase tamén a sociedade, as súas normas, gobernos, institucións e idiosincrasia polo seu deber no prestar os servizos adecuados e necesarios a aquelas persoas que o necesiten. Así, as solucións deben sinalar actos sociais para acadar a inclusión. É por iso que as iniciativas de EC para que as estudantes participaran con outros grupos de alumnado de grao e mestrados oficiais

semellou un acto positivo en pos da inclusión social, como sinalaron as participantes no estudo. As mesmas referiron ter, efectivamente, relación con outras estudantes, mais observouse como necesario continuar con este tipo de actividades a longo prazo para que a inclusión sexa percibida como significativa.

Neste sentido, a **inclusión social** trata de garantir que as persoas teñan oportunidades, recursos e capacidades para participar plenamente na vida e que se lles apoie para ser cidadáns contribuíntes á sociedade na que viven. A Terapia Ocupacional utiliza estratexias inclusivas a través do uso de habilidades e procesos de habilitación centrados na ocupación para defender e facilitar resultados ocupacionais auténticos que melloren as capacidades, a participación social e o benestar dunha persoa ou grupo. “O benestar sitúase máis aló dun paradigma de saúde. Implica a valoración integral das necesidades aspiracionais, culturais, emocionais, materiais, ocupacionais, sociais e espirituais dos individuos” (Pereira, 2017).

Estar incluídas socialmente significa que as persoas teñen os recursos, oportunidades e capacidades que precisan para: aprender (participar na educación e na formación); traballar (participar en traballos laborais, non remunerados ou voluntarios, incluídas as responsabilidades familiares e de coidados); participar (conectarse coa xente, utilizar os servizos locais e participar en actividades locais, culturais, cívicas e recreativas) e, ter voz (influír nas decisións que lles afectan) (Australian Social Inclusion Board, 2010, como se cita en Whiteford, Rahal e Suleman, 2018). Por conseguinte, é importante que as persoas con discapacidade teñan as mesmas oportunidades de acceso, entre outros ámbitos, á educación superior e ao emprego. É por isto que, segundo os resultados obtidos neste estudo, corroborouse que o estudantado de EC tivo a posibilidade de aprender, traballar, implicarse e ter voz. Parafraseando unha das participantes: “Sí (o que ensinaban en EC) era muy útil, me ayudó a cara un futuro, aprender cosas básicas y importantes para trabajar y reforzar mi autonomía y mis capacidades”.

Nun estudo sobre a influencia dos factores contextuais ambientais na inclusión (Campisi e Fernández, 2019), afirmouse que na inclusión social tamén as familias teñen un rol importante. “Transitan de maneira particular os diversos ciclos vitais, e constitúen unha rede de sostén para a persoa con discapacidade. O apoio que ofrece a familia xera benestar físico e emocional nos seus membros, reduce o estrés que producen algunhas situacións vitais e reforza a autoestima e a identidade e, consecuentemente, a construción subxectiva como suxeitos”. As egresadas que participaron na investigación actual declararon contar co apoio das súas familias durante todo o proceso, tanto antes, como durante e despois de estudar en EC. Isto concorda coa evidencia actual sobre a importancia da familia nos estudos universitarios e a inserción laboral.

Para profundar no medio que habitan as participantes do estudo, é convinte entender a complexidade do mundo actual. Hoxe en día, estanse a confrontar unha diversidade de situacións globais que inflúen na vida das persoas, a destacar: o contexto pospandémico, o avance das tecnoloxías dixitais, o cambio climático, a inequidade e a crise económica (Creek, Pollard e Allen, 2022).

Este panorama socioeconómico e político, acada tamén o **ámbito laboral**. Así pois, existe un cambio na natureza da actividade produtiva, influído polo avance da tecnoloxía, tamén reflectido nos resultados do actual estudo. A cuarta revolución industrial, descrita en liñas xerais como “a difuminación das fronteiras entre os mundos físico, dixital e biolóxico” (Liu, 2018; como se cita en Duncan, Sinclair e Creek, 2021); “implica unha fusión de avances en intelixencia artificial, robótica, 5G, enxeñaría xenética, computación cuántica e outras tecnoloxías cibernéticas”. Por conseguinte, as habilidades que se necesitan no mundo laboral tamén están mudando, e todas as persoas, independentemente das súas características, forman parte deste cambio. Entón, no proceso de busca de emprego é preciso considerar que, ademais doutras habilidades, será cada vez máis esencial coñecer as metodoloxías e dispositivos tecnolóxicos actuais (Joint



Research Centre, 2019). Sinalando a iniciativa de EC, cuxo programa curricular considera a importancia da inclusión tecnolóxica, semella fundamental para a Terapia Ocupacional pensar formas polas cales as persoas con discapacidade intelectual podan incluírse tamén na era da dixitalización, falando tamén do propio contexto virtual. Así o reflectiron os resultados, xa que as estudantes expuxeron a súa aprendizaxe en relación aos dispositivos tecnolóxicos actuais no transcorrer do curso en EC, o cal é necesario para unha correcta adaptación ao mundo laboral actual, segundo a evidencia científica revisada.

Nun estudo do 2021, da Universitat Autònoma de Barcelona, por Laborda, Garcia e Fernández, describiuse a influencia de contornas laborais e prelaborais nas competencias das persoas con discapacidade intelectual. Na súa investigación, conclúese que este grupo mellorou as súas competencias para a empregabilidade a través da súa formación en Centros Ocupacionais (CO) e Centros Especiais de Emprego (CEE). Afirmar tamén que o alto nivel competencial pode deberse a que os postos de traballo que ocupan adáptanse as súas competencias, intereses e actitudes. Por último, o estudo expón que as persoas con discapacidade intelectual que se forman en CEE adquiren máis competencias que as dos CO, e relaciónao co feito de que nos CO o obxectivo non é a empregabilidade, pero nos CEE, si. Diferente disto, en EC búscase a inserción no mercado laboral ordinario, formando as persoas con discapacidade intelectual para que podan desenvolver as habilidades necesarias para a súa empregabilidade da forma máis normalizada posible. Facilitase que podan participar na súa comunidade e ofrécese preparación académica para que podan obter máis oportunidades de inserción laboral e social (Fundación ONCE, 2022). Deste xeito, a literatura actual amosa as competencias reais que teñen as persoas con discapacidade intelectual para a súa inserción laboral, o que coincide cos resultados do traballo actual, xa que 8 persoas seguiron traballando despois de estudar en EC. Por outro lado, Laborda, Garcia e Fernández, 2021, explican a necesidade da flexibilización do sistema de ocupación cara itinerarios laborais máis

inclusivos para inserirse en diferentes empresas ordinarias. As estudantes de EC reflectiron ter un abanico de ofertas laborais restrinxido ao sector servizos, mais para acadar a inclusión social é necesario que haxa un aumento nas oportunidades laborais en tódolos ámbitos, para que tódalas persoas podan escoller acorde aos seus intereses.

A principal particularidade que define a empregabilidade das persoas con discapacidade na distribución por sectores económicos é que se empregan no sector servizos proporcionalmente máis que as persoas sen discapacidade, 80,96 % e 75,26 %; respectivamente (SEPE, 2022). Unicamente é o sector servizos o que rexistra unha taxa de persoas empregadas con discapacidade maior que a media nacional con respecto a outros sectores, sendo o agrícola o que evidencia menor taxa. No estudo actual reafírmanse os datos da literatura recente, xa que as persoas referiron que, ao rematar os estudos en EC, ou ben empezaron a estudar oposicións ou conseguiron traballo no sector servizos. En concreto, traballan nunha entidade pública de liñas de ferrocarril, nunha cadea téxtil, na hostalería, nun supermercado e na atención e asistencia á clientela.

No mesmo documento do SEPE, 2022, aclárase que “dende o 2014 ao 2020, as persoas con discapacidade ocupadas pasaron de ser 394.400 a 516.300, co que o incremento acumulado nese período foi do 30,90 %. Con respecto ao desemprego, nese período diminuíron ano tras ano, acumulando un descenso do 29,74 %”. Isto significa que, a pesar de ser só o 1,5 % da poboación total ocupada, as persoas con discapacidade cada vez teñen máis oportunidades e opcións de inserción. Entón, aínda que só 8 persoas das 25 participantes estean empregadas na actualidade, considérase como un progreso que hai que manter e mellorar a longo prazo.

Con relación ás características laborais dos contratos das persoas con discapacidade, pódese afirmar que non se distinguen en xeral do resto da poboación, sendo, a maioría das relacións laborais que se producen, indefinidas, e a súa xornada laboral é a tempo completo. A maior parte dos

traballadores con xornada completa son homes e nos casos nos que realizan un traballo a tempo parcial, son mulleres. Tal circunstancia sucede, igualmente, nas persoas sen discapacidade (SEPE, 2022). Neste aspecto, o estudo actual dista dos datos científicos recentes, xa que as persoas empregadas foron, en gran maioría, homes. Un dos participantes varóns declarou estar recibindo o paro, e seis homes están empregados fronte a dúas mulleres. En canto aos contratos parciais e totais, interpretáronse soamente dous completos fronte a seis contratos parciais. Sería unha posible liña de investigación a ter en conta no futuro para coñecer máis sobre a brecha de xénero na empregabilidade das persoas con discapacidade ao rematar estudos universitarios.

### **Limitacións do estudo**

Cómpre aclarar algunhas das limitacións que xurdiron no decorrer da investigación:

- O acceso ao campo resultou complexo: A pesar de contactar con todas as persoas egresadas do título, o feito de establecer a relación por correo electrónico foi un factor desfavorable para conseguir a resposta das potenciais participantes.
- A calidade e cantidade das respostas por parte das participantes foi heteroxéneo, sendo alta para algunhas e moi escasa por parte de outras persoas.
- A vinculación directa, e por tanto a participación neste estudo, coas persoas da primeira e segunda promoción foi menor, xa que transcorreu máis tempo dende que finalizaron.
- A realización do estudo a distancia limitou a técnica de recollida de datos a unha única entrevista semiestruturada.
- É un estudo local con 25 persoas, polo que habería que seguir investigando noutras universidades con títulos homólogos para unha maior utilidade e resonancia (criterios de rigor descritos anteriormente).

## **6. Conclusións**

Despois de facer unha análise pormenorizado dos resultados obtidos e xerar una discusión sobre a temática a estudar, pódese concluír que:

- Este traballo permitiu comprobar a aparición de cambios nos aspectos intrínsecos das contornas social e familiar, directamente relacionadas coas ocupacións diarias das participantes. No social, amosaron ter máis oportunidades para socializar con persoas doutras facultades e universidades. Aínda que non se interpreta como unha inclusión social completa, si que se percibe unha mellora da mesma. A isto tamén podería sumarse o uso das redes sociais no eido produtivo e social, como estímulo por parte de EC. No ámbito familiar, as estudantes recibiron o apoio das súas familias antes, durante e despois dos seus estudos en EC, o cal parece favorecer a transición ao mundo laboral.
- O paso por EC motivou a exploración de novas ocupacións significativas, xa que as participantes declararon continuar coas súas actividades no tempo libre durante e despois de estudar en EC, e incluso nomearon ter comezado algunhas novas.
- Percibiuse un incremento da autonomía para mellorar a propia situación de empregabilidade, utilizando medios de busca de emprego a través de Internet e optimizando as habilidades persoais e as competencias a través dos estudos en EC.
- Coñecéronse as iniciativas das persoas egresadas cara novas actividades no ámbito formativo e/ou laboral, as cales inclúen continuar cos estudos en diferentes ramas de coñecemento, estar activamente buscando emprego ou estar estudando oposicións.
- A empregabilidade despois de estudar en EC é maior para homes que para mulleres dentro do grupo de participantes, e a situación máis frecuente é a tendencia a obter contratos parciais.

A literatura científica revisada mostrou que o emprego pode ter un impacto positivo na calidade de vida e na autonomía das persoas con discapacidade intelectual, proporcionándolles oportunidades para desenvolver novas habilidades, gañarse a vida e participar na comunidade (Whiteford, Rahal e Suleman, 2018). Non obstante, as taxas de emprego entre as persoas con discapacidade intelectual aínda son máis baixas en comparación coa poboación xeral, e moitas afrontan barreiras para atopar e manter emprego (SEPE, 2022). Este TFG explorou os factores que contribúen a unha inserción laboral exitosa e as boas prácticas para apoiar a persoas con discapacidade intelectual na súa empregabilidade.

É necesario seguir investigando para profundar nos resultados obtidos, aumentando a mostra da poboación e indagando nas diferentes temáticas que xurdiron do estudo para contribuír á evidencia científica en materia de inclusión universitaria e laboral das persoas con discapacidade intelectual.

## **Bibliografía**

- American Association of Occupational Therapy. (2020) *Marco de Trabajo para la Práctica de Terapia Ocupacional: Dominio y Proceso Cuarta Edición* (T., Tapia, B., Burgos, F., Beltrán, H., Castro, L., Figueroa, N., Alegría, O., Gajardo, R., Paz, M., Barría, R., Neira, V., & Muñoz, V, Trad.). Recuperado en:  
<https://es.slideshare.net/FRANCYMIRLEY/aota-2020-espaol-revisada-y-corregida>
- Alcaín Martínez, E. e Medina-García, M. (2017). Hacia una educación universitaria inclusiva: realidad y retos. *Revista Digital de Investigación en Docencia Universitaria*, (4)19.  
<https://doi.org/10.19083/ridu.11.530>
- Ardila Suárez, E. e Rueda Arenas, J. F. (2013). La saturación teórica en la teoría fundamentada: su de-limitación en el análisis de trayectorias de vida de víctimas del desplazamiento forzado en Colombia. *Revista Colombiana de Sociología*, 36(2), 93-114.  
<https://www.redalyc.org/articulo.oa?id=551556228007>
- Campisi, M. e Fernández, V. (2019). Análisis de factores contextuales ambientales en relación al desempeño ocupacional. La inclusión desde la perspectiva de personas en situación de discapacidad en la ciudad de Mar Del Plata, Argentina durante el período 2017–2018. *Revista Chilena de Terapia Ocupacional*, 19(2), 73.  
<https://doi.org/10.5354/0719-5346.2019.52536>
- Charmaz, K. (2006). *Constructing grounded theory*. Sage Publications.
- Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad. (2020). *Universidad y Discapacidad. La inclusión de las personas con discapacidad en la Universidad española. Propuestas para maximizar la responsabilidad social de las Universidades conforme a los Objetivos de Desarrollo Sostenible (ODS) y la Agenda 2030*.

*Informe del CERMI Estatal de reforma normativa en materia de inclusión de las personas con discapacidad en el sistema universitario español 2020.* Red de información educativa.

<https://back.cermi.es/catalog>

Consejo General de Colegios de Terapia Ocupacional. (2020). *Código deontológico* *Terapia* *Ocupacional.*

<https://consejoterapiaocupacional.org>

Corbin, J. M. e Strauss, A. L. (2015). *Basics of qualitative research: Techniques and procedures for developing grounded theory (Fourth edition).* SAGE.

Creek, J., Pollard, N. e Allen, M. (2022). *Theorising Occupational Therapy Practice in Diverse Settings* (1st ed.). Routledge.

<https://doi.org/10.4324/9781003016755>

Cueto, B., Martín-Román, Á., Moral, A. e Moreno Mínguez, A. (2018). Youth Employment in the Iberian Countries. In M. Á. Malo & A. Moreno Mínguez (Eds.), *European Youth Labour Markets* (pp. 27–43).

*Springer International Publishing.* [https://doi.org/10.1007/978-3-319-68222-8\\_3](https://doi.org/10.1007/978-3-319-68222-8_3)

Duncan, M., Sinclair, K. e Creek, J. (2021). Upstreaming occupational therapy: Reflections on sustaining contextual relevance in a globalising world. *World Federation of Occupational Therapists Bulletin*, *77*(2), 85–92.

<https://doi.org/10.1080/14473828.2021.1932043>

Dunn, W., Brown, C. e McGuigan, A. (1994). The Ecology of Human Performance: A Framework for Considering the Effect of Context. *The American Journal of Occupational Therapy*, *48*(7), 595–607.

<https://doi.org/10.5014/ajot.48.7.595>

- Fundación ONCE. (2022). *Universidad y Discapacidad. Programa UniDiversidad*. <https://www.fundaciononce.es/es/que-hacemos/universidad-y-discapacidad>
- Fundación Universia. (2021). *Universidad y Discapacidad. V Estudio sobre el grado de inclusión del sistema universitario español respecto de la realidad de las personas con discapacidad*. <https://www.fundacionuniversia.net>
- García Ruiz, A. S. e Moreno Fernández, A. (2005). La inclusión para las personas con discapacidad: Entre la igualdad y la diferencia. *Revista Ciencias de la Salud*, 3(2), 235-246.
- Guajardo, A., Hernández, E. R. e Correa, V. P. (2014). *Rehabilitación de Base Comunitaria: Diálogos, reflexiones y prácticas en Chile*.
- Guajardo A., Simó S., Correa F., María S. e García-Ruiz S. (2016). *Terapias Ocupacionales desde el Sur*. Universidad de Santiago de Chile.
- Herrera Ballesteros, J. (2020). Pobreza laboral y desempleo en España 2009-2019. *Trabajo*, 38(1). <https://doi.org/10.33776/trabajo.v38i1.4815>
- Instituto Nacional de Estadística. (2022). *El empleo de las personas con discapacidad. Año 2021*. <https://www.ine.es>
- Iwama, M. K. (2006). *The Kawa model: Culturally relevant occupational therapy*. Churchill Livingstone Elsevier.
- Joint Research Centre. (2019). *The changing nature of work and skills in the digital age*. Publications Office of the European Union. <https://doi.org/10.2760/373892>
- Laborda Molla, C., Jariot Garcia, M. e González Fernández, H. (2021). Influencia de entornos laborales y prelaborales en el desarrollo de competencias en personas con discapacidad intelectual. *Revista de*



*Educación Inclusiva*, 14(1), 200-218.  
<https://revistaeducacioninclusiva.es/index.php/REI/article/view/689/627>

Larivière, N. e Quintin, J. (2020). Heidegger and human occupation: An existential perspective. *Journal of Occupational Science*.  
<https://doi.org/10.1080/14427591.2020.1858941>

Lysaght, R., Cobigo, V. e Hamilton, K. (2012). Inclusion as a focus of employment-related research in intellectual disability from 2000 to 2010: A scoping review. *Disability and Rehabilitation*, 34(16), 1339–1350. <https://doi.org/10.3109/09638288.2011.644023>

Malfitano, A. P. S., Whiteford, G. e Molineux, M. (2021). Transcending the individual: The promise and potential of collectivist approaches in occupational therapy. *Scandinavian Journal of Occupational Therapy*, 28(3), 188–200.  
<https://doi.org/10.1080/11038128.2019.1693627>

Manzini, J. L. (2000). Declaración de Helsinki: Principios éticos para la investigación médica sobre sujetos humanos. *Acta Bioethica*, 6(2).  
<https://doi.org/10.4067/S1726-569X2000000200010>

McDowell, C., Fossey, E. e Harvey, C. (2022). Moving clients forward: a grounded theory of disability employment specialists' views and practices. *Disability and Rehabilitation*, 44(19), 5504–5512.  
<https://doi.org/10.1080/09638288.2021.1937341>

Miklos, M., Jahnsen, R., Nyquist, A. e Ullenhag, A. (2022). How transactional relations contribute to adaptive developmental outcomes when young people with disabilities participate in specially designed group programs – a scoping review. *Scandinavian Journal of Occupational Therapy*, 29(8), 670–685.  
<https://doi.org/10.1080/11038128.2021.1903989>

- Organización Mundial de la Salud. (2001). *Informe sobre la salud en el mundo 2001: Salud mental: nuevos conocimientos, nuevas esperanzas*. <https://apps.who.int/iris/handle/10665/42447>
- Palacios, A. (2008). *El modelo social de la discapacidad: Orígenes, caracterización y plasmación en la Convención Internacional sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad*. <https://www.cermi.es/sites/default/files/docs/coleccion/Elmodelosocialdediscapacidad.pdf>
- Pereira, R. B. (2017). Towards inclusive occupational therapy: Introducing the CORE approach for inclusive and occupation-focused practice. *Australian Occupational Therapy Journal*, 64(6), 429–435. <https://doi.org/10.1111/1440-1630.12394>
- Polo Sánchez, M. T. e López Justicia, M. D. (2014). Actitudes hacia las personas con discapacidad de estudiantes de la Universidad de Granada. *REOP - Revista Española de Orientación y Psicopedagogía*, 17(2), 195. <https://doi.org/10.5944/reop.vol.17.num.2.2006.11346>
- Ramírez Pulgar, R. e Schliebener Tobar, M. (2014). Manifiesto latinoamericano de terapia ocupacional y ocupación. *Revista electrónica de terapia ocupacional Galicia, TOG*, 11(19), 19. <https://revistatog.com/num19/pdfs/manifiesto.pdf>
- Ramugondo, E. L. e Kronenberg, F. (2015). Explaining Collective Occupations from a Human Relations Perspective: Bridging the Individual-Collective Dichotomy. *Journal of Occupational Science*, 22(1), 3–16. <https://doi.org/10.1080/14427591.2013.781920>
- Ruiz, I. C. (2012). Discapacidad, Educación y Universidad: Especial referencia a la Universidad de Alcalá. *Anuario de la Facultad de Derecho (Universidad de Alcalá)*, 5, 183-202. <http://hdl.handle.net/10017/13501>

- Servicio Público de Empleo Estatal. (2022). *Informe del Mercado de Trabajo de las Personas con Discapacidad 2022*. SEPE. <https://www.sepe.es>
- Statista. (2023). *Tasa de desempleo en España 2000-2022*. <https://es.statista.com/temas/2891/el-desempleo-en-espana/>
- Timmermans, S. (2007). Awareness Contexts. In G. Ritzer (Ed.), *The Blackwell Encyclopedia of Sociology* (p. wbeosa084). John Wiley & Sons, Ltd. <https://doi.org/10.1002/9781405165518.wbeosa084>
- Townsend, E. (1997). Occupation: Potential for personal and social transformation. *Journal of Occupational Science*, 4(1), 18-26, <https://doi.org/10.1080/14427591.1997.9686417>
- Townsend, E. e Wilcock, A. (2004). Occupational Justice and Client-Centred Practice: A Dialogue in Progress. *Canadian Journal of Occupational Therapy*, 71(2), 75–87. <https://doi.org/10.1177/000841740407100203>
- WFOT. (2004). *Community Based Rehabilitation*. <https://wfot.org/resources/community-based-rehabilitation>
- WFOT. (2006). *Occupational Therapy and Human Rights*. <https://wfot.org/resources/occupational-therapy-and-human-rights>
- WFOT. (2012). *About Occupational Therapy*. <http://www.wfot.org/about/about-occupational-therapy>
- Whiteford, G. E. e Wilcock, A. A. (2000). Cultural Relativism: Occupation and Independence Reconsidered. *Canadian Journal of Occupational Therapy*, 67(5), 324–336. <https://doi.org/10.1177/000841740006700505>
- Whiteford, G., Jones, K., Rahal, C. e Suleman, A. (2018). The Participatory Occupational Justice Framework as a tool for change: Three

contrasting case narratives. *Journal of Occupational Science*, 25(4),  
497–508. <https://doi.org/10.1080/14427591.2018.1504607>

Wilcock, A. A. (1998). Occupation for Health. *British Journal of Occupational  
Therapy*. 61(8), 340-345. <https://doi:10.1177/030802269806100801>

## **Apéndices**

### **Apéndice A: Consentimento para a obtención de datos persoais**

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informamos que os datos que vostede nos facilite a través da presente enquisa, serán tratados única e exclusivamente con motivos académicos relacionados coa presentación do Traballo de Fin de Grao en Terapia Ocupacional.

Mediante a sinatura do presente documento, autorizo a obter, analizar e almacenar os datos cualitativos sobre a miña experiencia, perspectiva e satisfacción a partir do meu paso polo título Espazo Compartido, con motivo de realizar un estudo da formación recibida, inserción laboral, e opinión do desenvolvemento do programa no que participei.

Os datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante dous anos. As gravacións das entrevistas serán destruídas unha vez se transcriban a documento de texto. Os datos serán pseudonimizados e almacenados nun ordenador con chave, localizado no despacho da xefa de estudos de Espazo Compartido, no Centro Universitario de Riazor (CUR). A este ordenador só terán acceso as docentes e coordinadora do programa, así como a persoa que designe o Observatorio Ocupacional da UDC a tal efecto.

A persoa interesada terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos quede xustificado con base en algunha das outras bases de lexitimación contempladas no artigo 6 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais. En calquera caso,

a persoa interesada terá dereito a lle solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Nome e sinatura da persoa que autoriza:

*(sinatura da persoa interesada ou do seu representante legal)*

Lugar e data:

## **Apéndice B: Cuestionario para as persoas participantes**

### **DATOS PERSOAIS**

Cal é o teu xénero (masculino/feminino/outro)?

Cantos anos tes?

Con cantas persoas vives?

Vives nunha zona rural ou nunha zona urbana?

Es usuario dalgunha asociación?

Acodes a algunha actividade de ocio frecuentemente? Cal?

### **ÁMBITO EDUCATIVO**

En que ano estudaches en Espazo Compartido?

Como cualificarías a túa satisfacción con respecto ao programa de Espazo Compartido, en xeral?

Parecíanche interesantes as materias?

Cal era a materia que máis che gustaba?

Que materia che gustaba menos?

Engadirías outra materia? Cal?

Gustaríache que o curso durara máis tempo, menos tempo, ou cres que a duración axustábase ás túas necesidades?

Cres que o que che ensinaban en clase era útil para conseguir traballo?

Cres que conseguiches os obxectivos xerais de aprendizaxe do curso?

Sentícheste apoiado polo teu entorno familiar durante o desenvolvemento do curso?

Como era a túa relación co profesorado?

Como era a túa relación cos teus compañeiros de curso?

Relacionábase con estudantes doutros anos?

Relacionábase con estudantes doutras facultades da Universidade de Coruña?

Relacionábase con estudantes doutras Universidades?

Como era a túa relación coa túa familia antes de estudar en Espazo Compartido?

Como era a túa relación coa túa familia mentres estudabas en Espazo Compartido?

Como era a túa relación coa túa familia ao rematar de estudar en Espazo Compartido?

Como era a túa relación cos teus amigos antes de estudar en Espazo Compartido?

Como era a túa relación cos teus amigos mentres estudabas en Espazo Compartido?

Como foi a túa relación cos teus amigos despois de estudar en Espazo Compartido?

Usabas algunha rede social (Instagram, Facebook, Tiktok, Bereal, Youtube, etcétera) antes de estudar en Espazo Compartido?

Usabas algunha rede social mentres estudabas en Espazo Compartido?

Empezaches a usar algunha rede social despois de estudar en Espazo Compartido?

Antes de estudar en Espazo Compartido, usabas redes sociais para buscar traballo (LinkedIn, JobToday, InfoJobs, etcétera)?

Usabas redes sociais para buscar traballo mentres estudabas en Espazo Compartido?

Empezaches a usar redes sociais para buscar emprego despois de estudar en Espazo Compartido?

Recomendarías estudar en Espazo Compartido a un amigo?

Tes algunha suxestión para mellorar o programa?

Que estudaras antes de entrar en Espazo Compartido?

Despois de estudar en Espazo Compartido, formácheste nalgo máis ou continúas estudando nestes momentos?

### **ÁMBITO LABORAL**

Cal é a túa ocupación actual?

En que cidade estás traballando?

Cal é o teu soldo mensual (en Euros, neto, tras descontos)?

Antes de estudar en Espazo Compartido, estabas traballando?

Traballaras algunha vez de maneira remunerada antes de estudar en Espazo Compartido?

Conseguiches traballo ao rematar os teus estudos en EC?

En caso afirmativo á pregunta anterior, segues traballando no mesmo sitio?

Era unha xornada parcial ou completa?

Tiveches algún tipo de adaptación no teu posto de traballo?

Como te sentías mentres tiñas traballo?

Actualmente traballas, buscas traballo, ou non estás buscando nin traballando?

Que che gustaba facer no teu tempo libre antes de estudar en Espazo Compartido?

Que che gustaba facer no teu tempo libre mentres estudabas no curso en Espazo Compartido?

Actualmente, que che gusta facer no teu tempo libre?

Desde que acabaches os teus estudos, como valorarías que foi a túa busca de emprego?

Sentícheste apoiado polo teu entorno familiar durante a busca de emprego?

Voliches traballar no mesmo sector onde realizaches as prácticas?

Se non tiveches oportunidades laborais despois de estudar en Espazo Compartido, cal crees que puido ser o motivo?

Desde a túa experiencia, en que áreas laborais consideras que as persoas tituladas en Espazo Compartido teñen máis posibilidades de inserción?

*Elaboración propia.*



## Lista de táboas

### Táboa 1

*Textos lexislativos relativos ao dereito á educación das persoas con discapacidade.*

Textos lexislativos	Contido
<b>Artigo 27 da Constitución Española.</b>	Recoñece o dereito á educación a tódolos cidadáns e cidadás. Así mesmo, no seu apartado 10, recoñécese a autonomía das Universidades, nos termos que a lei estableza.
<b>Artigo 49 da Constitución Española.</b>	Indica que o poder público realizará políticas de prevención, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade, e prestaráselles a atención especializada que requiran.
<b>Convención Internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, do 13 de novembro do 2006 polas Nacións Unidas (ONU), que entrou en vigor en España o 3 de maio de 2008.</b>	Recoñece a igualdade de dereitos das persoas con discapacidade e reivindica a súa dignidade, e identidade .
<b>Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (art. 20.c) no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro.</b>	Modificada o 6/2022, do 31 de marzo, que regulariza a accesibilidade. Protexe a igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.
<b>Lei Orgánica de Universidades, 6/2001, do 21 de decembro.</b>	Primeira Lei Orgánica que reformou a estrutura da Universidade despois da Constitución e sinala o dereito das persoas con discapacidade ao acceso á Universidade.

---

<b>Lei Orgánica 4/2007, do 12 de decembro, que modifica a Lei de Universidades (LOMLOU).</b>	Lei que modifica a anterior e resalta a creación de programas e accións especiais para que as persoas con discapacidade accedan e continúen os seus estudos na Universidade.
<b>Real Decreto 412/2014, do 6 de xuño.</b>	Establécese a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias de Grao, a cal reserva 5 prazas por cada 100 estudantes a persoas cunha discapacidade recoñecida dun 33% ou superior.
<b>Proxecto de Lei Órgánica do Sistema Universitario, aprobada o 22 de decembro do 2022 (LOSU).</b>	“A Universidade ten sido, é e debe ser fonte de coñecemento, de benestar material, de xustiza social, de inclusión, de oportunidades e de liberdade cultural para tódalas idades”.
<b>Declaración mundial sobre a Educación Superior no século XXI, UNESCO 2022.</b>	No marco da Conferencia sobre a Educación Superior pola UNESCO, reunida en Barcelona en maio de 2022, salientouse a inclusión na Educación Superior, promovendo políticas de equidade de oportunidades e poñendo en valor a diversidade, chamando ao servizo e deseño universais para garantir a inclusión das persoas con discapacidade.
<b>Cuarto obxectivo dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible na Axenda 2030.</b>	Obxectivo dentro da Axenda de 2030 para o desenvolvemento sostible, o cal é “garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todas as persoas”.
<b>Comunicado de Roma 2020 sobre o Espazo Europeo de Educación Superior.</b>	“Compromiso co reforzo da inclusión social e a calidade da Educación mediante as oportunidades que ofrecen a transformación dixital e as tecnoloxías innovadoras”.

---

*Elaboración propia a partir dos textos lexislativos existentes.*

## Táboa 2

*Códigos asignados ás participantes do estudo.*

<b>HOMES</b>		<b>MULLERES</b>	
<b>Pseudónimo</b>	<b>Idade</b>	<b>Pseudónimo</b>	<b>Idade</b>
P1	26	P4	29
P2	26	P5	25
P3	23	P8	25
P6	23	P10	23
P7	27	P11	27
P9	30	P13	25
P12	24	P14	26
P16	30	P15	25
P19	29	P17	30
P20	22	P18	21
P22	26	P21	28
P23	24		
P24	30		
P25	30		

*Elaboración propia.*

## **Agradecementos**

Este estudo non podería ter sido realizado sen a colaboración das participantes e das docentes de Espazo Compartido, que facilitaron o acceso ao campo e a motivación pola investigación sobre un tema urxente na saúde e o benestar das persoas.

Gustaríame expresar o meu máis sincero agradecemento ás miñas titoras, Alba e Thais, por me proporcionaren os recursos, apoio e orientación necesarias para completar o meu Traballo de Fin de Grao.

Salientar tamén o apoio que tiveren sempre dos meus seres queridos e amizades, o cal resultou imprescindible no medio dun contexto pandémico.

Agradezo, ademais, por ter referentes dentro da miña familia, capaces de percibir a beleza do mundo a pesar da hostilidade, cunha vida dedicada a contribuír na construción dun mundo máis amable. Un mundo capaz de crear oportunidades e recursos para todas as persoas.

Esta experiencia non só me axudou a medrar como estudante, senón que tamén me preparou para os meus futuros esforzos académicos e profesionais. Sempre terá un lugar especial en min.